

CENTOS DE MOBILIZACIÓNS PARA DEMANDAR “PARAR A GUERRA EN ORIENTE MEDIO”

Redacción.- Máis de 150 mobilizacións sucedéronse o pasado sábado en todo país para dicir alto e claro que “Non á guerra”. UGT-Galicia sumouse ás concentracións convocadas en varias localidades galegas.

O mundo vive un momento crucial onde as tensións convertéronse en agresións e ataques permanentes. Estamos ao bordo dun conflito verdadeiramente global, mentres ninguén pode negar que se está despregando unha guerra na totalidade da rexión de Oriente Medio.

Apoio

Por estes motivos, consideramos crucial o apoio da nosa Organización a este tipo de accións onde se rexeitan principalmente: os bombardeos ilegais de EE.UU e Israel, o réxime ditatorial dos aiatolás, a grave ameaza para a paz mundial e o asasinato de inocentes. Á vez que se reclama un alto ao lume inmediato, unha solución pacífica para Oriente Medio, onde se inclúa o fin do xenocidio palestino e o recoñecemento dos dereitos do pobo palestino.

Nestes momentos de inestabilidade e aumento do belicismo é crucial construír novas alianzas e tender á unidade para defender a paz e unha saída democrática e xusta para Irán e Oriente Medio e as súas clases traballadoras.



UGT-Galicia participou no acto contra a emerxencia lingüística

Redacción.- A vicesecretaría xeral de Dereitos Sociais de UGT-Galicia, Ana María Pereiro, participou este sábado, en representación do Sindicato, no Acto nacional contra a emerxencia lingüística, organizado por Queremos Galego, en Santiago na Praza da Quintana. Nesta mobilización reclamáronse accións para avanzar no proceso de normalización da lingua galega con medidas que deben ser atendidas polas Administracións.



INAUGURADA EN SANTIAGO A EXPOSICIÓN “POSTAIS PARA IRÁN” BAIXO O LEMA “MULLER, VIDA E LIBERDADE”

Pódese participar ata o 30 de marzo depositando as postais na urna emprazada no Centro sociocultural de Vite en Santiago

Redacción.- O pasado sábado quedou inaugurada no Centro sociocultural de Vite (Santiago) a exposición itinerante “Postais para Irán” que se está a organizar baixo o lema “Muller, vida e liberdade”.

Esta exposición está organizada pola UXP de UGT-Galicia, en colaboración coa Asociación iraní “Pro Dereitos Humanos” e a Asociación “Blanco, Negro y Magenta” de mulleres artistas que traballan desde as artes visuais sobre o concepto de igualdade e a loita contra a violencia machista.

Preocupación polas mulleres de Irán

O motor desta iniciativa é a preocupación polas mulleres que en Irán

arriscan a súa vida fronte ao poder patriarcal. Por iso, coa idea de darlles apoio convócase a artistas e público en xeral para que se sumen facendo postais baixo a temática de “Muller, vida e liberdade”.

No acto de inauguración participou a presidenta da Asociación iraní Pro Dereitos Humanos de España, Fariba Ehsan; a secretaria de Igualdade da UXP de UGT-Galicia, Josefa Mariño; e a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos.



Todas aquelas persoas interesadas en participar nesta exposición poden achegar as súas postais á urna do Centro sociocultural de Vite antes do 30 de marzo. O tamaño da postal será de 140 por 90 mm. No anverso irá a obra e no reverso o lema, nome e cidade e país do autor.

O SECTOR DO COMERCIO VARIO MOBILÍZASE NA CORUÑA POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- As traballadoras e traballadores do sector do comercio vario manifestáronse este domingo polas rúas da Coruña en demanda dun convenio xusto.

Denunciaron salarios e dereitos conxelados ante a negativa das patronais provinciais a responder ás demandas de negociación, xa que pretenden impoñer a filosofía da gran patronal estatal do comercio téxtil ARTE de negociar un convenio a nivel estatal que empeora as condicións con respecto ao provincial da Coruña.

Así, as patronais galegas insisten nun convenio estatal que deixaría mermaidas as condicións sociais e laborais das traballadoras e traballadores do sector.



O persoal da campaña “Superliña” de Universal Support mobilízase na Coruña

Redacción.- O persoal da campaña “Superliña” de Universal Support parou e concentrouse o pasado venres, como xa fixeran o día 5, diante da oficina do Banco Santander na Coruña para reclamar a categoría de xestora ou xestor para todo o persoal e a renovación do equipo de dirección asociado a dita campaña.



UGT DENUNCIA PRÁCTICAS ANTISINDICAIS NO CENTRO DE STELLANTIS&YOU NA CORUÑA

Redacción.- UGT denuncia prácticas antisindicaís no centro de traballo da Coruña da empresa Stellantis&You (antiga Citroen Perillo) coa represión dos dereitos sindicais dos seus traballadores e traballadoras e impoñendo trabas ao seu libre exercicio por parte da representación legal dos traballadores.

O comportamento antisindical da empresa, baseado na presión e ameazas, non é máis que un atentado contra os dereitos fundamentais de

todas as persoas traballadoras. A liberdade sindical é un pilar esencial para garantir condicións laborais dignas e xustas e a empresa quere obstaculizar estes mecanismos.

Estas prácticas son contrarias e incompatibles coa suposta cultura empresarial de STELLANTIS & YOU, que presume de estar baseada no respecto dos dereitos laborais e a participación do persoal.

Pola contra, tanto o propio sindi-

cato UGT como membros da representación legal dos traballadores víronse na obrigaón de acudir á vía xudicial e demandar o comportamento da empresa para poñer fin a esta persecución e atentado contra a liberdade, facendo valer os seus dereitos fundamentais e a libre sindicación.

A liberdade sindical non se pode negociar, esiximos o respecto inmediato deste dereito para todo o persoal da empresa.

A FUNDACIÓN LUÍS TILVE LEVA A SÚA EXPOSICIÓN “O MOVEMENTO OBREIRO EN GALICIA” ÓS CENTROS EDUCATIVOS

Redacción.- Co inicio do ano, a Fundación retoma un novo periplo da súa exposición "O movemento obreiro en Galicia" por diferentes localidades e lugares, e principalmente por centros educativos, ós que está dirixida en boa parte a mesma, xa que vai acompañada de catro unidades didácticas para que os alumnos poidan ter maior coñecemento do século XX e da historia do común, dos traballadores e traballadoras, co obxectivo de enriquecer un currículo educativo que se queda cativo en canto a estas temáticas e acontecementos, que consideramos sumamente necesarias no momento actual, no que unha parte da xuventude está empezando a poñer en dúbida os valores democráticos e a propia realidade histórica, influenciados, principalmente a través das redes sociais, pola ultradereita e os seus medios de desinformación e fabricación de bulos e feitos

alternativos.

Non debemos esquecer que a mocidade actualmente non se informa a través da prensa, nin da radio, nin sequera da televisión, xa que non consumen informativos, senón das redes sociais, principalmente Instagram, YouTube e TikTok.. Uns medios controlados por tecnócratas que non son neutrais e cuxa tendencia cara á ultradereita debería preocuparnos, apostando pola regulación destes medios, xa que non deixan de ser espazos públicos. E o mellor campo de xogo para vencer estes novos perigos para a democracia segue a ser a educación.

A exposición conta con 20 paneis que abarcan dende finais do século XIX ata o ano 1936. Así mesmo, a través dun có-



digo QR, pódese enlazar con catro unidades didácticas dirixidas a alumnos de 1º e 2º de Bacharelato e 4º da ESO, ás que se suma unha unidade para a materia de Inglés.

O primeiro centro no que estará a exposición este ano, que se pode solicitar á Fundación Luís Tilve, é o IES Manuel García Barros, de A Estrada.

FICA ESIXE QUE A DESCARBONIZACIÓN DO SECTOR DO AUTOMÓBIL SITÚE AOS TRABALLADORES NO CENTRO DA TRANSFORMACIÓN

Redacción.- Jordi Carmona, secretario do sector Automobilístico de UGT FICA, participou o luns na xornada parlamentaria celebrada no Congreso para fixar a posición do sindicato ante o complexo escenario que atravesamos a industria do automóbil.

Durante o encontro, que tivo lugar baixo o lema "Presente e Futuro do Automóbil", Carmona deixou claro que a aposta da Federación pola descarbonización é firme, pero advertiu que esta non pode executarse "a calquera prezo". Para o sindicato, o debate real non reside na elección entre descarbonización si ou non, senón no como se executa esta transición, cuxa metodoloxía resulta fundamental para garantir a su-

pervivencia do tecido industrial.

Na súa intervención, o responsable sectorial defendeu un "proteccionismo europeo" que non se limite exclusivamente ao vehículo eléctrico, senón que abarque a totalidade do sector. UGT FICA entende esta etapa non con medo, senón como un reto e unha oportunidade que vai máis aló do motor eléctrico, englobando un cambio conceptual da mobilidade, a robotización e a dixitalización. Neste sentido, Carmona considerou imprescindible potenciar a formación dual e a capacitación continua para que o persoal non quede atrás.

Aínda que se valorou positivamente o

Plan Auto 2030, o secretario do sector Automobilístico urxiu a pasar dos titulares ás concrecións. Para iso, UGT FICA expuxo unha batería de 23 propostas estratéxicas, entre as que destacan: a implementación do contrato relevo para rexuvenecer os cadros de persoal; a aposta pola redución da xornada laboral a 32 horas; ou a vinculación estrita das axudas públicas ao mantemento do emprego efectivo. Baixo a máxima de que "sen industria non hai emprego e sen emprego non hai industria", Jordi Carmona subliñou que España está plenamente capacitada para liderar esta transición. Con todo, isto só será posible se se aborda desde un diálogo social real e unha aposta do Goberno sector, tanto no eido legal como económico.

É FUNDAMENTAL PROTEXER ÁS PERSOAS TRABALLADORAS ANTE A PROBABLE ESCALADA DOS PREZOS

Para evitar que os recentes conflitos bélicos volvan debilitar o peto das persoas traballadoras, é fundamental que o Goberno actúe con medidas que freen a subida de prezos e fomenten a extensión das cláusulas de revisión salarial, clave para protexer os salarios fronte á inflación imprevista

Redacción.- Os resultados do cuarto trimestre de 2025 da Enquisa Trimestral de Custo Laboral (ETCL), publicados polo INE, rexistran un incremento anual do custo laboral do 3,8% e do custo salarial do 3,6%. Por tanto, ambas as taxas son 8 décimas superiores ás rexistradas o trimestre anterior. Pola súa banda, os custos laborais por hora efectiva traballada aumentan un 3,4% anual e, descontando os efectos estacionais e de calendario, un 4,1%.

Estes datos pechan o ano 2025, polo que xa se coñece que o custo salarial medio por traballador incrementouse un 3,2% en 2025. A pesar de que é o dato máis baixo desde 2020, os salarios medidos por esta enquisa aumentaron a súa capacidade adquisitiva un moi modesto 0,5%, dado que a inflación foi do 2,7% en media. Esta evolución enmarcábase nun contexto moi determinado definido por unha inflación moderada, algo que nos próximos meses vai cambiar polo impacto da guerra en Oriente Próximo.

Desde 2023 ata 2025 mantívose unha dinámica de crecementos salariais derivados dos bos resultados na negociación colectiva coa presenza de UGT e dunha moderación da inflación, o que permitiu un lento, pero continuado proceso de recuperación do poder adquisitivo que se perdeu en 2022, este incremento salarial merece unha valoración positiva. Con todo, a pesar deste proceso, aínda non se alcanzou unha recuperación completa dos salarios perdidos en 2022, a pesar dos beneficios tan elevados que estaban a obter as empresas. Esta falta de recuperación do poder adquisitivo ponse aínda en maior risco co escenario de incerteza internacional, o escenario bélico causado polos Estados Unidos e Israel e o incremento dos prezos enerxéticos das últimas dúas semanas, expoñémonos a unha nova crise inflacionaria provocada por unha guerra ilegal, como xa sucedeu coa invasión rusa de Ucraína.

Para evitar que o seu impacto volva debilitar os petos das persoas traballadoras desde UGT consideramos fundamental que o Goberno actúe de maneira decidida con medidas que contrarresten a escalada dos prezos e



incentiven na negociación colectiva a extensión das cláusulas de revisión salarial, unha ferramenta que permite protexer as subidas salariais de incrementos inflacionarios imprevistos.

Doutra banda, a ETCL ofrece información sobre o número de vacantes que existen na economía española. No cuarto trimestre de 2025 houbo 155.737, un 5,2% máis que hai un ano. Estas vacantes concéntranse maioritariamente no sector servizos, que agrupa un 86,3% do total, seguido do 8,9% na industria e o 4,8% na construción. Con todo, trátase dunha cifra baixa se se compara co total do emprego, debido a que só representan un 0,8% do total. De feito, en termos comparados cos países da Unión Europea España é o segundo país con menor porcentaxe de vacantes.

En calquera caso, o dato de vacantes esixe unha explicación respecto ás súas causas, que poden ser de distinta índole. Pódense deber a unhas condicións laborais ofertadas moi precarias, á lentitude dos procesos selectivos e de contratación, á dificultade para cubrir postos con determinadas cualificacións de auxe recente ou á imposibilidade de optar ao posto de traballo pola carestía da vivenda. Segundo a circunstancia, a actuación para corrixilas debe ser diferente. Nalgúns casos a presenza de vacantes pode estar a reflectir a ineficiencia das políticas activas de emprego para intermediar entre a oferta e a demanda de traballo, entre

as persoas desempregadas e as empresas con necesidade de cubrir un posto de traballo.

Para evitar este problema desde a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores cremos que é necesario reforzar as políticas activas de emprego mediante unha carteira de servizos común plenamente desenvolvida e unha rede ampla de orientadores que ofrezan atención personalizada ás persoas desempregadas. Para iso, débense mellorar as capacidades técnicas dos servizos públicos de emprego, crear un catálogo mínimo común para todas as CCAA —especialmente dirixido a parados de longa duración— e perfeccionar o deseño dos programas con obxectivos claros e sistemas de avaliación que midan a súa eficacia. Ademais, é imprescindible dotar a estes servizos dos recursos necesarios para que funcionen plenamente.

En resumo, ante a probable escalada dos prezos é fundamental que haxa unha actuación do goberno que protexa ás persoas máis vulnerables e aos sectores económicos máis expostos aos bens e servizos que xa se están encarecendo. Tamén é imprescindible acometer algunhas reformas que aproveiten o contexto de creación de emprego que atravesamos a economía española para reformar as políticas activas de emprego, seguir coa redución do desemprego e fomentar a creación de postos de traballo en sectores de alto valor engadido.

UGT CONSOLIDA ANOS DE TRABAJO PARA GARANTIR A PROTECCIÓN SOCIAL E LABORAL DOS DEPORTISTAS

O sindicato reafirma a necesidade de incluír aos deportistas nun réxime de seguridade social que contemple todas as súas particularidades e elimine desigualdades históricas

Redacción.- Este martes deuse un avance crave na culminación de anos de traballo orientados a asegurar que os deportistas contén cunha protección social e laboral xusta, estable e adaptada á súa realidade profesional. A reunión, presidida polo secretario de Estado da Seguridade Social e Pensións, Borja Suárez, e polo presidente do Consello Superior de Deportes (CSD), José Manuel Rodríguez Uribes, marca o inicio da audiencia pública e o arranque formal das seguintes fases do proceso.

A secretaria executiva de UGT Cristina Estévez, xunto co grupo de deportistas que lideraron esta reivindicación —Almudena Cid, Fernando Romay e Lola Fernández-Ochoa— impulsou durante anos un proceso de diálogo, propostas e coordinación con administracións, deportistas e entidades do sector. Tras a reunión, Estévez destacou que este encontro supón un avance determinante para que o deporte sexa recoñecido como unha verdadeira relación laboral.

O presidente do CSD, José Manuel

Rodríguez Uribes, subliñou a necesidade de avanzar cara un modelo obrigatorio e estable para todos os deportistas profesionais, superando a voluntariedade e a falta de cobertura que aínda persisten.

Ademais, puxemos de manifesto en numerosas ocasións que o modelo vixente obriga aos deportistas a adiantar cotas e asumir cargas administrativas que actúan como barreira. O sindicato traballou para impulsar un sistema máis áxil e eficiente que garanta protección real: xubilación, incapacidade, cesamento de actividade, prestacións familiares e cobertura en caso de falecemento. Este traballo continuado permitiu construír un diagnóstico compartido e unha folla de ruta sólida para transformar o marco legal do deporte en España.



UGT reafirma, con máis fincapé se cabe, a necesidade de incluír nun réxime de seguridade social aos deportistas, que contemple todas as súas particularidades, e que elimine desigualdades históricas, garanta dereitos e sitúe a España como referente na regulación laboral do deporte.

O proceso iniciado esta semana polos deportistas promotores e UGT é froito de anos de esforzo e constitúe o punto de partida para unha transformación profunda e necesaria.

UGT PRESENTA O INFORME “ANÁLISE E PROPOSTAS SINDICAIS PARA AMPLIAR O DEREITO Á VIVENDA”

Redacción.- A vicesecretaría xeral de UGT, Lola Navarro, presentou en rolda de prensa o informe “Análise e propostas sindicais para ampliar o dereito á vivenda”, xunto a Belén Guirao, secretaria xeral de RUGE a Rubén Ranz, técnico do departamento de vivenda, e Víctor Escorza, coordinador das oficinas da vivenda.

Lola Navarro destacou o “importante papel que xoga UGT e o sindicalismo no problema da vivenda. Trátase dunha preocupación da maioría das persoas traballadoras, e non podemos quedarnos de brazos cruzados mentres os prezos seguen aumentando e os traballadores e traballadoras non poden acceder a unha vivenda”.

A vicesecretaría xeral de UGT explicou que “o cuestionario foi un proceso de escoita da afiliación, que pretendía coñecer a súa situación actual en referencia á vivenda e transformouse nunha ferramenta sindical para

a nosa representación e, tamén, nunha folla de ruta sindical pola que debe avanzar o sindicato para ampliar o dereito á vivenda. Nós sabemos asesorar, sabemos mediar e sabemos negociar e, por iso, o noso papel é tan importante”.

En canto ao informe, aínda que a mostra maioritaria corresponde a unha afiliación cunha situación económica estable, as consecuencias da crise habitacional móstranse de forma significativa, tanto no temor para perder a vivenda como no grao de insatisfacción no que se refire á resolución desta crise.

Por iso, desde UGT creáronse catro oficinas de asesoría da vivenda. Esta experiencia piloto busca cubrir unha demanda da afiliación que necesita axuda en diferentes aspectos da vivenda e en función da súa circunstancia, como o aluguer, as hipotecas, se é un propietario con dúas vivendas

ou está nunha cooperativa. UGT abrirá catro oficinas, en Andalucía, Aragón, Madrid e a Comunidade Valenciana, atendendo ademais o resto do país por vía telemática.

A vivenda digna e alcanzable non é un luxo, senón un dereito

Para UGT, a vivenda digna e alcanzable non é un luxo, senón un dereito constitucional e unha condición esencial para a igualdade, a estabilidade laboral e a cohesión social. Por iso, o sindicato comprométese a traballar nunha liña que desenvolva o dereito sindical da vivenda como forma de defensa colectiva, que permita definir a participación sindical nas políticas públicas de vivenda das nosas cidades e pobos, co obxectivo de eliminar a desigualdade para que a cidadanía poida acceder e permanecer unha vivenda digna.